



# Liñas de acción da CTNL

## para o período interasamblear 2023-2024

(aprobadas na Asemblea Xeral ordinaria do 4 de marzo de 2023)

### Accións para o cumprimento dos fins da asociación

---

#### 1 Defender os intereses xerais das/dos traballadoras/es de normalización lingüística e da dignidade das condicións de traballo dos servizos lingüísticos:

- Realizar propostas que busquen **mellorar a situación do traballo en normalización lingüística**, nomeadamente na procura da estabilización dos servizos de normalización lingüística e demais departamentos técnicos existentes, propor a creación e a mellora de axudas para o mantemento, a creación e o reforzo de servizos de normalización lingüística nas administracións locais e facer un seguimento das convocatorias xa publicadas.
- Continuar a **difundir o traballo que se desenvolve a prol do galego**, procurando que o labor a favor da lingua se vexa socialmente como útil e necesario. Para isto seguirase coa difusión e información a través do web e redes sociais do traballo de SNL, ENDL, asociacións, empresas, etc., publicando novas, reportaxes, entrevistas, etc. Tentarase divulgar especialmente o **labor de planificación lingüística** co fin de que se coñezan mellor as diferentes etapas do traballo técnico de normalización da lingua e de que se recoñezan a complexidade e a necesidade deste traballo. En relación con esta tarefa naceron en 2019 os Premios Mil Primaveras, que teñen entre os seus obxectivos a difusión do traballo de normalización da lingua.

## 2 Promover a formación continua no eido da normalización da lingua:

### ORGANIZACIÓN DE ACCIÓNS FORMATIVAS PARA O TRABALLO EN NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Cada ano a CTNL procura organizar algunha actividade formativa sobre diversas materias na procura de mellorar os coñecementos e as capacidades das persoas que traballan en normalización lingüística en diferentes ámbitos. Neste 2023 desenvolverase algún curso ou obradoiro con algún dos seguintes contidos:

<b>Obradoiro de planificación e avaliación a partir da educación social</b>	
<b>Obxectivo xeral</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñecer as bases teóricas e as metodoloxías da educación social para empregalas na planificación e na avaliación das accións de normalización lingüística.</li> </ul>
<b>Obxectivos específicos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Achegar unha visión panorámica dos procesos de planificación e avaliación de accións.</li> <li>• Fornecer unha bibliografía básica recomendable.</li> <li>• Abordar de xeito teórico e práctico a detección de necesidades, o proceso de planificación e a súa metodoloxía, as fases e niveis de planificación, os recursos, os/as destinatarios/as, a temporalización etc.</li> <li>• Expoñer de xeito práctico diferentes modelos de planificación e avaliación e o seu posible rendemento para o traballo dos servizos de normalización da lingua.</li> </ul>
<b>Destinatarios/as</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballadores/as de servizos de normalización lingüística (SNL).</li> <li>• Traballadores/as de empresas, asociacións e outras entidades relacionadas coa normalización da lingua.</li> <li>• Membros de equipos de normalización e dinamización da lingua do ensino.</li> <li>• Persoas interesadas en traballar pola normalización da lingua.</li> </ul>
<b>Duración</b>	Entre 5 e 10 horas

<b>Profesorado</b>	Educador/a social con experiencia neste tipo de formacións
--------------------	--

<b>Obradoiro de xestión de iniciativas de normalización lingüística</b>	
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñecer os pasos para xestionar e desenvolver accións de normalización lingüística.</li> <li>• Abordar de forma práctica a xestión e desenvolvemento de accións concretas de normalización lingüística.</li> <li>• Aprender a presentar os proxectos de normalización lingüística.</li> </ul>
<b>Destinatarios/as</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballadores/as de servizos de normalización lingüística (SNL).</li> <li>• Traballadores/as de empresas, asociacións e outras entidades relacionadas coa normalización da lingua.</li> <li>• Membros de equipos de normalización e dinamización da lingua do ensino.</li> <li>• Persoas interesadas en traballar pola normalización da lingua.</li> </ul>
<b>Duración</b>	Aproximadamente 10-12 horas
<b>Profesorado</b>	Docente con experiencia neste tipo de formacións

Unha acción formativa pensada non só para novos técnicos/as, senón tamén para **dar a coñecer o labor de normalización da lingua a outros colectivos diversos** que están en contacto cos SNL:

<b>Curso de formación sobre o proceso de normalización: norma... que?, servizo de que?</b>	
<b>Obxectivo xeral</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dar a coñecer a diferentes colectivos en que consiste o traballo de normalización lingüística e o labor que desenvolven os SNL.</li> </ul>
<b>Destinatarios/as</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Estudantado ou persoas graduadas que teñan interese en traballar neste campo</li> <li>• Estudantado en xeral que estea a buscar posibles futuros laborais</li> </ul>



	<ul style="list-style-type: none"><li>• Novo persoal de servizos de normalización</li><li>• Profesorado</li><li>• Responsables políticos</li></ul>
<b>Contidos</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Para que serve a lingua?</li><li>• Paga a pena normalizar o galego?</li><li>• Onde están os principais atrancos?</li><li>• Existe algunha obriga legal para que as administracións interveñan?</li><li>• Que axentes están pulando pola lingua?</li><li>• Que son os servizos de normalización?</li><li>• Onde están dos SNL?</li><li>• Que podemos agardar dun SNL? Que servizos podemos atopar?</li><li>• Repaso dun abano de proxectos que desenvolven</li></ul>
<b>Metodoloxía</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Curso breve, concreto, directo ao gran. Sen moita teoría. Diseñado en función do público.</li><li>• Completarase con compilacións de sitios onde atopar información para afondar en cada parte, á medida do que cada colectivo poida requirir</li><li>• Posibilidade de facelo en liña</li></ul>
<b>Outras circunstancias que poden favorecer o éxito</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Acordo con forzas políticas para que se comprometan a inscribir algunha persoa participante.</li><li>• Acordo coa SXPL para que divulgue e anime o profesorado a asistir (ou o seu funcionariado).</li><li>• Acordo cos movementos de renovación pedagóxica para que animen o profesorado a asistir</li><li>• Créditos e homologación: créditos para o estudiantado e homologación da formación para o profesorado</li></ul>



Constituirase unha comisión de traballo para avanzar nesta última acción formativa. Estará composta por Soco García Conde, Mónica Fernández Valencia, Manuel Reyes Villar, Rosa Moreiras Cuñarro e Conchi Cochón Rodríguez.

## **OUTRAS ACCIÓNS**

Proporlle á Xunta, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, a creación de bolsas de estadias noutras comunidades onde se traballe no proceso de normalización lingüística, co fin de formarse noutros territorios e con outras realidades. Nesta bolsas podería colaborar a Fegamp.

## **3 Propostas para facer máis efectivo o traballo a prol da normalización da lingua e colaboración en accións para o fomento do galego:**

### **ACCIÓNS PARA UNHA MELLOR E MAIOR IMPLICACIÓN DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS NO PROCESO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

- **XUNTA DE GALICIA:** facer un seguimento da política lingüística da Xunta de Galicia, instándoa a que procure avances en vez de retrocesos, denunciando os pasos atrás que se dean e os pasos adiante que se deixen de dar e propondo melloras no desenvolvemento de proxectos e accións para o fomento do uso e prestixio da lingua galega.
- **ADMINISTRACIÓN LOCAL:** facer un seguimento das convocatorias de axudas das deputacións provinciais para a creación de SNL e tamén das convocatorias de prazas en concellos e entidades locais ao abeiro ou non destas axudas; manter xuntanzas cos responsables das áreas de normalización lingüística das deputacións provinciais para que promovan a creación e consolidación dunha rede de SNL nas entidades locais da provincia.

Algunhas cas cuestións concretas para tratar coas deputacións son a posibilidade de colaboraren as diferentes deputacións na formación do persoal técnico de normalización lingüística co fin de optimizar recursos neste ámbito, a ampliación

das axudas para o reforzo de SNL a calquera concello da provincia, non exclusivamente ás cidades, ou a aclaración dos requisitos de contratación en relación coa estabilidade do persoal.

- **UNIVERSIDADES GALEGAS:** proporlles unha maior difusión entre o alumnado das posibilidades profesionais como técnicos/as de normalización lingüística e pedirllas que retomen ou inicien colaboracións con SNL para que o alumnado poida facer prácticas e coñecer mellor este ámbito de traballo.

## ENCUNTROS, XORNADAS E OUTRAS PROPOSTAS DE COORDINACIÓN

<b>LGx15 (<a href="https://lgx15.gal/">https://lgx15.gal/</a>)</b>	
<b>Descrición xeral</b>	Organización dunha xornada de exposición de ideas que teñan que ver co futuro da lingua, na que interveñan persoas que transmitan, dun xeito breve e visual, ideas que poden, e queren, influír no futuro do uso e prestixio do galego e/ou nas actitudes e comportamentos lingüísticos de persoas ou entidades, procurando accións e cambios. Esas intervencións, ideas e propostas serán tamén gravadas e difundidas en vídeo a través da rede, nun formato semellante ao das conferencias TED.
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Recoller e difundir ideas coas cales se pode mellorar o futuro do uso e prestixio da lingua.</li> <li>• Realizar e difundir vídeos breves para a transmisión desas ideas.</li> <li>• Procurar influír no futuro do uso e prestixio do galego e/ou nas actitudes e comportamentos lingüísticos de persoas ou entidades, procurando accións e cambios, a través da transmisión de ideas e mensaxes de persoas.</li> </ul>
<b>Destinatarios/as</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Persoas interesadas no futuro da lingua (na sesión presencial) e, ademais, tamén público máis xeral (coa difusión dos vídeos).</li> </ul>
<b>Duración</b>	Unha tarde ou tarde-noite (arredor de 3 horas).
<b>Formato</b>	Intervencións individuais cun tempo máximo (15 min.), claras e visuais, sen preguntas, e sen uso de mesa nin atril.
<b>Lugar</b>	Nun auditorio por determinar.
<b>Persoas que interveñen</b>	Persoas que teñan algo que dicir, ideas que valla a pena compartir e transmitir para influír no futuro da lingua, e que teñan capacidade para comunicar de xeito claro, positivo, apaixonado, visual e breve, coa vontade de intentar mudar cousas. A busca ou selección de persoas e propostas faraa a CTNL.



<b>Notas sobre a xestión</b>	<p>Desde a CTNL nomearase unha comisión encargada da organización, selección de persoas, xestión, etc.</p> <p>Procurarase informar mellor as persoas participantes de como deben ser os vídeos e do que buscamos con eles, co fin de orientalas e axudalas no proceso de preparación da súa intervención.</p> <p>Non se pagará polas intervencións.</p> <p>Poderá cobrarse unha entrada para asistir ao evento que axude a financiar, en parte, o equipo técnico necesario, as gravacións, a difusión, etc.</p> <p>Buscarase a implicación de empresas para contribuír aos gastos, por medio de patrocinio ou publicidade.</p> <p>Para darlle máis difusión, valorarase a creación dunha canle específica de Instagram para este proxecto, dato o interese que espertan os vídeos.</p>
------------------------------	--

- **ENCUNTROS PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA:** colaboración cos XXV Encuentros para a normalización lingüística, organizados desde o CDSG do Consello da Cultura Galega (no outono de 2023).
- Organizar algunha outra actividade lúdica ou de encontro.

## ACCÍONS DE FOMENTO DO GALEGO

- **Resolución da cuarta edición dos Premios Mil Primaveras a proxectos de posta en valor e fomento do galego (<https://milprimaveras.gal/>) e convocatoria dunha quinta edición**

Tras a primeira convocatoria destes premios en 2019 (convocatoria en abril, resolución dos premios en xuño e acto de entrega en setembro), continuouse coa segunda edición entre 2020 e 2021, coa terceira entre 2021 e 2022 e en setembro de 2022 convocouse a cuarta, que se resolverá en 2023.

O prazo de inscrición acabou o 31 de xaneiro de 2023 e neste momento o xurado está a valorar os 35 proxectos presentados. Esperamos ter a resolución arredor da Semana Santa e a entrega de premios antes do verán.

Despois do verán convocarase a quinta edición dos premios

Para o seu financiamento solicitarase de novo axuda á Deputación Provincial de Pontevedra a través da súa liña de subvencións a asociacións para desenvolver accións de normalización lingüística, convocatoria aberta ata o 23 de marzo.

- **Agasallo, continuamos nas redes sociais**

A finais de 2021 modificouse a xestión deste proxecto con varios cambios: deixou de actualizarse o web (que se cancelou en novembro de 2022), actualizouse a imaxe gráfica e creouse unha conta nova na rede Instagram. A partir deste momento o proxecto céntrase só nas redes sociais ([Facebook](#), [Twitter](#) e [Instagram](#)) procurando unha xestión máis áxil.

Por outra parte, en febreiro de 2023 a asociación Puntogal propuxo unha colaboración connosco con base neste proxecto: a CTNL comprométese a seleccionar cada mes unha serie de produtos para facer sorteos cos que difundir os obxectivos do proxecto; a asociación Puntogal encargárase de mercar eses produtos, sortealos e envialos. Estes sorteos completaranse con entrevistas a algunhas das empresas responsables ou reportaxes que realizará Puntogal. O convenio inicialmente terá vigor ata decembro de 2023.

## **RENOVACIÓN DO WEB DA CTNL**

O actual web da CTNL ten xa 15 anos e precisa unha actualización para simplificalo, adaptalo aos dispositivos móbiles e facilitar a publicación de novas, polo que é necesario acometer a súa actualización.

En relación con isto e co resto do traballo da asociación, enviárase unha **enquisa aos/ás socios/as** para consultarlles aspectos do funcionamento da CTNL, entre eles o uso do web, que material debería quedar e cal non, as vantaxes de ser socio/a, por que participan ou non nas actividades, que lles gustaría que fixese a asociación, etc. co fin de facelos/as máis partícipes da realidade da asociación e de crear un web acorde coas necesidades das persoas asociadas.



## Algunhas propostas organizativas para 2023-2024

---

- Por primeira vez desde que existe a asociación acordouse a **suba das cotas de socios/as** para termos máis liquidez: a cota xeral pasará de 25 € a 30 € anuais e a de desempregados/as e estudantes de 15 € a 20 €. Esta suba debería ir acompañada dunha campaña de captación de socios/as.
- Renovación do **seguro de responsabilidade civil**.
- Posta en marcha de **grupos de traballo** para o desenvolvemento dos diversos proxectos programados.
- Procura de renovación de convenios e acordos de colaboración con outras entidades para o desenvolvemento dalgunhas das accións.
- Nas comisións e plataformas das que a CTNL forma parte seguiranse facendo propostas en positivo e procurando que sexan o máis plurais e representativas posible, e que a través delas se dea voz, participación e protagonismo a persoas e entidades varias e de distinto ámbito e perfil a prol da normalización lingüística. Nestes momentos a CTNL forma parte de:
  - Comisión Técnica do Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia (CDSG).
  - Consello Municipal da Lingua do Concello de Vigo (froito da fusión entre o Consello Social da Lingua e a Comisión Cidadá de Normalización Lingüística, da cal formaba parte a CTNL)
  - Plataforma Queremos Galego.

Anxos Sobriño Pérez, presidenta da CTNL

Pontevedra, 5 de marzo de 2023